XUNTA DE GALICIA

RECIBO DE PRESENTACIÓN NO REXISTRO ELECTRÓNICO DA XUNTA DE GALICIA

A solicitude, escrito ou comunicación para Solicitude electrónica xenérica presentada por OSCAR FREIXEDO BELTRAN con [redacted]tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia cos seguintes datos:

NÚMERO DE ENTRADA	DATA E HORA DA PRESENTACIÓN	DESTINO
2026/3197753	**05-11-2026 12:26**	**DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA**

A seguinte táboa recolle un resumo electrónico da solicitude, escrito ou comunicación presentada e, se fose o caso, un índice e un resumo electrónico da documentación que se declara achegar:

Documento achegado	Nome do arquivo	Resumo electrónico do arquivo (Algoritmo SHA-256)
Solicitude	Solicitude-PR004A-20261105.pdf	74F79BA5839AA4DB6A40119E3C25278F609FBF1C832939543D2C97F13011C005
gardas 24 horas imelga	Gardas 24h forenses.pdf	01B107E14C4F09F6FDF75FF9787E53AA3A360EF7C9AA5008E7707053A6D5B28D

CVE: [redacted]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
Asinado por REXISTRO ELECTRÓNICO DA XUNTA DE GALICIA
Data e hora: 05-11-2026 12:26

[redacted]

Confederación Intersindical Galega

XUSTIZA

Hai uns días este sindicato solicitou que na orde do día da vindeira mesa sectorial se incluíse a implantación das gardas de 24 horas no IMELGA. Dado que na convocatoria recibida onte día 4 se inclúe este punto, queremos manifestar:

A Resolución de 2 de xullo de 2014, da Secretaría de Estado de Xustiza, pola que se modifica a de 5 de decembro de 1996, pola que se ditan instrucións sobre a xornada e horarios no ámbito da Administración de Xustiza, regula no apartado 14 as gardas dos/as médicos/as forenses:

"Sen prexuízo do establecido nos apartados anteriores, as gardas dos médicos forenses destinados nos institutos de medicina legal poderán ser acordadas, por resolución da Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza ou o órgano correspondente da comunidade autónoma competente, conforme aos seguintes parámetros:"

Este primeiro parágrafo introduce a enumeración de diferentes tipos de gardas que poden establecer ou ben a Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza (para os Institutos que estean en territorios con competencias non transferidas) ou o órgano correspondente da comunidade autónoma competente. Polo tanto, en Galiza sería a Dirección Xeral de Xustiza a que tería competencia para determinar o tipo de gardas do Imelga.

As gardas dos/as médicos/as forenses non estaría afectado polo tipo de servizo establecido para os órganos xudiciais, posto que di "sen prexuízo do establecido nos apartados anteriores", nos que regula eses servizos de gardas xudiciais. Polo tanto, poden desvincularse un tipo de gardas, as forenses, das outras, as xudiciais, en base ao establecido neste primeiro parágrafo.

Continúa o apartado 14 enumerando as diferentes tipoloxías:

"– Garda ordinaria de vinte e catro horas.

– Garda de permanencia para o axuizamento inmediato de faltas.

– Garda de permanencia de oito días.

– Garda de permanencia semanal

– Garda de dispoñibilidade de oito días

– Garda dispoñibilidade semanal"

En virtude desta norma, e facendo uso das súas competencias, a Dirección Xeral publicou a RESOLUCIÓN do 5 de abril de 2017, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se determina o réxime do servizo de garda do persoal médico forense do Instituto de Medicina Legal de Galicia. Nela establecía os seguintes tipos de garda para as Subdireccións galegas

ANEXO

RÉXIME DE GARDAS DO INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA

SUBDIRECCIÓN TERRITORIAL A CORUÑA		
Tipo de garda	Efectivos	Horario
Garda de permanencia semanal	2	Préstase con horario de permanencia das 9.00 ás 15.00 horas, de luns a venres, e o resto de dispoñibilidade.
Garda de permanencia de oito días	1	Préstase con horario de permanencia das 8.00 ás 15.00 horas, de luns a venres, e o resto de dispoñibilidade.
Garda de permanencia para o axuizamento inmediato de delitos leves	1	Préstase das 9.00 ás 21.00 horas en réxime de permanencia.
SUBDIRECCIÓN TERRITORIAL SANTIAGO DE COMPOSTELA		
Tipo de garda	Efectivos	Horario
Garda de permanencia de oito días	3	Préstase con horario de permanencia das 8.00 a 15.00 horas, de luns a venres, e o resto de dispoñibilidade.
SUBDIRECCIÓN TERRITORIAL FERROL		
Tipo de garda	Efectivos	Horario
Garda de permanencia de oito días	1	Préstase con horario de permanencia das 8.00 a 15.00 horas, de luns a venres, e o resto de dispoñibilidade.
Garda de dispoñibilidade semanal	1	Préstase na xornada ordinaria de traballo, e o resto de dispoñibilidade.
SUBDIRECCIÓN TERRITORIAL LUGO		
Tipo de garda	Efectivos	Horario
Garda de permanencia de oito días	2	Préstase con horario de permanencia das 8.00 a 15.00 horas, de luns a venres, e o resto de dispoñibilidade.
Garda de dispoñibilidade de oito días	1	Préstase na xornada ordinaria de traballo, e o resto de dispoñibilidade.

SUBDIRECCIÓN TERRITORIAL OURENSE		
Tipo de garda	Efectivos	Horario
Garda de permanencia de oito días	2	Préstase con horario de permanencia das 8.00 a 15.00 horas, de luns a venres, e o resto de dispoñibilidade.
Garda de dispoñibilidade de oito días	1	Préstase na xornada ordinaria de traballo, e o resto de dispoñibilidade.
SUBDIRECCIÓN TERRITORIAL PONTEVEDRA		
Tipo de garda	Efectivos	Horario
Garda de permanencia de oito días	2	Préstase con horario de permanencia das 8.00 a 15.00 horas, de luns a venres, e o resto de dispoñibilidade.
Garda de dispoñibilidade de oito días	1	Préstase na xornada ordinaria de traballo, e o resto de dispoñibilidade.
SUBDIRECCIÓN TERRITORIAL VIGO		
Tipo de garda	Efectivos	Horario
Garda de permanencia semanal	2	Préstase con horario de permanencia das 9.00 a 15.00 horas, de luns a venres, e o resto de dispoñibilidade.
Garda de permanencia de oito días	1	Préstase con horario de permanencia das 8.00 a 15.00 horas, de luns a venres, e o resto de dispoñibilidade.
Garda de permanencia para o axuizamento inmediato de delitos leves	1	Préstase das 9.00 ás 21.00 horas en réxime de permanencia.

Diferentes Subdireccións levan anos reclamando un cambio no réxime de servizo de garda establecido na mencionada Resolución e que se estableza a garda ordinaria de 24 horas para aquelas nas que se demande e se cumpran os requisitos. O propio art. 14 da Resolución de 2014 determina que *"as normas establecidas nos apartados anteriores poderán adaptarse a cada instituto de medicina legal, en función do tamaño e a organización do mesmo, sempre que se garanta o cumprimento das normas comúns do apartado 16, para atender as necesidades do servizo".*

As razóns desa petición son ben coñecidas:

- as gardas semanais dificultan que se respecten as horas mínimas de descanso, por un lado, polo volume de traballo tan elevado na maioría das Subdireccións e por outro lado, pola dificultade na cobertura das prazas que quedan descubertas. A falta de persoal interino está a provocar que incluso dúas persoas estean a cubrir un servizo de garda no que están previsto que sexan tres os médicos ou médicas que o desenvolvan, como está a acontecer en Compostela.
- As gardas forenses supoñen desprazamentos, ás veces a centos de quilómetros, a calquera hora do día ou da noite, con accesos complicados, atender a vítimas en estados emocionais moi difíciles, acudir a hospitais, etc.... Neste sentido, o contido deste servizo non ten nada que ver co do persoal de corpos xerais. A carga persoal e emocional que supón é moi alta, e mantense no tempo durante unha semana sen ter opción a descanso para poder repoñerse.
- A garda do persoal de medicina forense, a pesar de ter un contido moi distinto, abónase na mesma contía que o resto de persoal de corpos xerais e de lax. Na actualidade, computando a dispoñibilidade, cada hora de traballo no servizo se está retribuíndo a pouco máis dun euro. É unha contía inadmisible.

Esta penosa situación está levando ao límite ao persoal médico do IMELGA, polo que está a acudir mesmo á Inspección de Traballo para que se avalíen os riscos psicosociais e a falta de descanso.

Por esta razón solicitamos que se incluíra este punto na orde do día para comezar coa negociación da modificación da RESOLUCIÓN do 5 de abril de 2017, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se determina o réxime do servizo de garda do persoal médico forense do Instituto de Medicina Legal de Galicia para incluír a modalidade de garda de 24 horas tal e como faculta a Resolución de 2 de xullo de 2014, da Secretaría de Estado de Xustiza, pola que se modifica a de 5 de decembro de 1996, pola que se ditan instrucións sobre a xornada e horarios no ámbito da Administración de Xustiza

FREIXEDO BELTRAN OSCAR - [redacted]

Firmado digitalmente por FREIXEDO BELTRAN OSCAR - [redacted]
Fecha: 2026.11.05 12:22:51 +01'00'